

Benvidos/as A NOSA PARTITEKA!!



Dj Beat acompañaranos durante todo o proxecto de interpretación e creación musical que imos desenvolver na nosa aula de música particular.

En cada obradoiro, teremos as pautas precisas para explorar, interpretar ou crear música:

OBRADOIRO 1. Aprenderemos a manexar o editor de partituras MuseScore seguindo as instrucións dos 5 videotutoriais. Axudaranos a practicar e crear música.

OBRADOIRO 2. Temos un repertorio con 10 cancións en galego que poderemos tocar en grupo na clase e que nos permitirán afondar no coñecemento e aprecio pola música galega.

OBRADOIRO 3. Temos un repertorio con 10 cancións en inglés que poderemos tocar en grupo na clase e que nos permitirán afondar no coñecemento e aprecio pola música en inglés.

OBRADOIRO 4. Poderemos compoñer as nosas propias cancións seguindo as instrucións dos 5 videotutoriais.

Para comezar a traballar só temos que darnos de alta na Aula virtual do noso instituto e entrar no curso **A NOSA PARTITEKA.**

En cada **OBRADOIRO** atoparemos:

- **OBRADOIRO:** arquivo con todos os contidos e propostas de tarefas do obradoiro.
- **RÚBRICA:** táboa de puntuacións de cada tarefa desenvolvida.
- **ENTREGA DE TAREFAS:** aquí enviaremos cada actividade que fagamos para que o profesorado as supervise e valore.
- **MULTIAVALIACIÓN:** ao finalizar o obradoiro proposto, cubriremos este informe de multiavaliación para valorar individualmente todo o proceso, o traballo grupal e o noso propio esforzo.
- **ENTREGA MULTI-AVALIACIÓN:** aquí enviaremos cada informe de multiavaliación cuberto para que o profesorado o supervise.